MEMORIA XUSTIFICATIVA

Francisca Gómez Santos, secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, **DECLARA:**

1. Que tense previsto formalizar un convenio de cooperación entre o Imerso coa Xunta de Galicia para establecer e regular o uso da aplicación informática propiedade do Imserso, para a valoración do grao de discapacidade, denominada Baremo Integrado de Discapacidade (Baredi), como instrumento para a avaliación das situacións de discapacidade e a cualificación do seu grao, relativa ás persoas que solicitan dita valoración

2. Para a avaliación do grao de discapacidade, Baredi incorpora os baremos previstos no Real Decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade. Os baremos establecidos son os seguintes:

- Baremo de avaliación das funcións e estruturas corporais/Deficiencia Global da Persoa (BDGP).
- Baremo de avaliación das capacidades/Limitacións na Actividade (BLA).
- Baremo de avaliación do desempeño/ Restricións na Participación (BRP)
- Baremo de avaliación dos Factores Contextuais/Barreiras Ambientais (BFCA).

A través deste convenio o Imserso pon ao dispor da Comunidade Autónoma de Galicia a aplicación informática Baredi e se compromete a :

a. Xestionar e garantir a dispoñibilidade da aplicación.
b. Entregar o manual de usuario actualizado aos sucesivos cambios e evolucións que experimente a aplicación.
c. Mantemento da aplicación:
    - Correctivo.
    - Evolutivo.
    - Adaptativo.
d. Servizo de soporte a usuarios a través dun sistema de atención electrónica:
    - Atención a peticións de usuarios sobre fallos técnicos.
    - Atención a resolucións de erros e fallos técnicos.
    - Resposta a dúbidas sobre o funcionamento e uso da aplicación.
    - Comunicación entre cedente e cesionario.
e. A definición dos perfís de usuario.

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese a realizar as seguintes actuacións:

a. Usar a aplicación para a finalidade prevista na cláusula primeira.

CVE: BCGpdYkKPb02
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b. Cumprir os requisitos técnicos establecidos en cada momento polo Imserso.

c. Non ceder as súas credenciais de acceso a organismos, institucións ou particulares.

d. Custodiar e manter as credenciais de acceso coa debida dilixencia para asegurar a súa seguridade, confidencialidade e uso persoal e intransferible.

e. Xestionar e manter actualizados os datos referentes á súa unidade, responsables funcionais e dos conxunto usuarios do seu ámbito, así como a súa configuración. Para ese efecto nomeará responsable ou responsables encargados da asignación, xestión e mantemento dos perfís de usuarios.

f. Nomear un equipo que canalice e filtre as peticións de asistencia ao Imserso, dos usuarios do seu ámbito.

g. Manter actualizados e válidos os accesos securizados a través da rede SARA.

O Imserso manterá unha aplicación Web a través do cal se realiza o acceso á aplicación.

O Imserso mantén os dereitos de propiedade intelectual da aplicación cedida, e se garante para si que posúe todos os dereitos de propiedade intelectual sobre a aplicación. Coa subscrición do convenio porá a disposición o manual de usuario e o acceso á aplicación Web.

3. Por outra banda, de conformidade co disposto na cláusula novena, a vixencia do instrumento de cooperación comprende catro anos a contar dende a data da súa sinatura. Así mesmo, a dita cláusula establece a posibilidade de ser prorrogado por outro prazo igual ao establecido de xeito inicial por acordo expreso das partes.

4. Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de cooperación exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao indicado, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tendo en conta que as partes manifestan a súa intención de continuar a colaboración iniciada o 8 de febreiro de 2018 ao abeiro do réxime establecido no dito instrumento e na antedita normativa de aplicación, fora da natureza contractual, estímase a xustificación da sinatura do dito acordo de prórroga coa exclusión doutras figuras nos mesmos termos recollidos para o antedito instrumento convencional.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

Asinado por: GOMEZ SANTOS, MARIA FRANCISCA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 01/06/2023 08:50:58

CVE: BCGpdYkKPb02
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve